PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 23 de xaneiro de 2025

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, o día 23 de xaneiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
María Deza Martínez
Julio García Comesaña
(en substitución de Roberto Rodríguez Martínez)
Nicole Grueira Fernández
(en substitución de Katherinie Varela Fernández)
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Rubén Lorenzo Gómez)
Argimiro Marnotes Fernández
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Propoñente:
María Cristina Fernández Davila

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único.- Proposicións non de lei

1.1 1495 (12/PNC-000173)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de cumprir os obxectivos da lexislación europea en materia de rexeneración e de protección dos hábitats naturais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A **señora Castro Rey, Paloma (S),** procede á defensa da iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, -o voceiro do G.P. Mixto declina intervir- toma a palabra en primeiro lugar o **señor Bará Torres, Xosé Luis (BNG),** que xustifica o apoio do seu grupo parlamentario á proposición non de lei defendida

Nesta mesma rolda intervén por parte do **G.P. Popular de Galicia** o **señor Trenor López, Gonzalo**, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas pola voceira e polo voceiro que o precederon no uso da palabra, motiva o posicionamento do seu grupo en contra da proposta de referencia.

A **señora Castro Rey, Paloma (S),** fai uso da rolda de puntualización para incidir na importancia da iniciativa, logo de amosarse en desacordo con moitas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

1.2 6548 (12/PNC-000781)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no que atinxe aos prezos máximos de venda e renda da vivenda de protección autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 49f1, do 10.07.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentouse unha emenda de substitución do punto 3 por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

(documento número. 18072), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

Deseguido concédelle a palabra á **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG)**, quen procede á defensa e formulación desta proposición non de lei, ampliando as argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor López Font, Carlos (S)**, quen, logo de explicar o sentido da emenda, anuncia o voto favorable do seu grupo a esta proposta.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes -o voceiro do G.P. Mixto non fai uso desta rolda- intervén a **señora Deza Martínez, María (P)**, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e motiva o voto en contra do grupo ao que representa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida a **señora Fernández Gómez, Alexandra (BNG)**, lamenta a postura do grupo que apoia ao Goberno e motiva a aceptación da emenda de substitución do punto 3 do texto resolutivo presentado.

1.3 7025 (12/PNC-000816)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de mellorar a seguridade viaria e peonil da estrada N-120, ao seu paso polos concellos de Ponteareas, Mondariz, O Covelo e A Cañiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 60, do 05.08.2024

A Presidencia informa que o G.P. do Bloque Nacionalista Galego presentou unha autoemenda de adición de dous novos puntos (doc. núm. 17850) e da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

A seguir concédelle a palabra á **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea esta proposición non de lei así como da adición da autoemenda, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para xustificar o voto positivo do grupo que representa.

PARLAMENTO DE GALICIA

En segundo lugar toma a palabra o **señor López Font, Carlos (S),** que pasa a referir as razóns polas que o seu grupo vai apoiar esta proposta.

En terceiro lugar intervén o **señor García Comesaña, Julio (P),** tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola señora propoñente, expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e anuncia o apoio do seu grupo á mesma.

A **señora Fernández Davila, María Cristinao (BNG),** fai uso da súa rolda de puntualizacións para agradecer o apoio amosado polos demais grupos parlamentarios, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas polo voceiro do grupo maioritario.

1.4 12344 (12/PNC-001178)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Hermelo Piñeiro, María Dolores e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central respecto do estado da estrada N-640 no tramo entre Meira e A Pastoriza e das condicións da rede viaria estatal en Galicia en xeral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f1, do 09.10.2024

A **señora Grueira Fernández, Nicole (P),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, para motivar o posicionamento favorable do grupo ao que representa.

En segundo lugar, a presidenta, logo de pedir desculpas por non concederlla no seu momento por un erro involuntario, concédelle a palabra o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** quen expresa o voto positivo do seu grupo.

Deseguido intervén a **señora Valcárcel Armesto, Montserrat (BNG),** motivando o apoio do seu grupo a esta iniciativa de impulso.

Na rolda de puntualizacións a **señora Grueira Fernández, Nicole (P),** agradece o apoio do voceiro e das voceiras dos grupos parlamentarios polo apoio a esta iniciativa para mellora da estrada N-640 e de mantemento da rede viaria estatal en boas condicións.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 1495 (12/PNC-000173), do G.P. dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación

PARLAMENTO DE GALICIA

o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.2 6548 (12/PNC-000781), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa modificación do punto 3 postulada na emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia (núm. 18072). Resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

1.3 7025 (12/PNC-000816), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega da autoemenda (núm. 17850). Resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado:
1. Mellorar o firme da N-120 entre Ponteareas e A Caniza, eliminando así os centos de buratos e fochancas que afectan a seguridade viaria.
2. Elaborar un estudo, e posterior proxecto, que defina as melloras necesarias (como beiravías, rotondas, sendas, iluminación, pasos de peóns...) para dotar de seguridade viaria e peonil a toda a veciñanza de núcleos rurais asentados ás marxes da N-120, para facilitar a mobilidade a pé de todas as persoas que se trasladan a outras vivendas, servizos, núcleos próximos ou para realizar exercicio físico.
3. Compartir este estudo e as distintas solucións a través dun proceso de participación cos concellos e distintas asociacións parroquiais e colectivos veciñais afectados.
4. Aprobar o proxecto de mellora da seguridade viaria na N-120 entre Ponteareas e Confurco xa realizado e entregado, asignar a partida necesaria para o investimento e licitación e adxudicación das obras coa maior urxencia posible.

1.4 12344 (12/PNC-001178), do G.P. Popular de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas presentes.**

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para:

PARLAMENTO DE GALICIA

1. Iniciar con carácter urxente as obras de mellora da estrada N-640 no tramo limítrofe entre os concellos de Meira e A Pastoriza, especialmente no punto quilométrico 60 e as súas proximidades, para garantir a seguridade dos usuarios e reducir o risco de accidentes.
2. Manter a rede viaria estatal en boas condicións, asegurando que se dispoña dun pavimento axeitado, sinalización visible e alumeado suficiente para favorecer unha circulación segura e fluída aos galegos e galegas.»

A Presidencia agradece o ton do debate, o traballo dos servizos da Cámara e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:35 horas.

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.14 11:09:09 +01'00'

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2025.03.14 10:38:24 +01'00'

V. º B.º
Carmen María Gómez Tojo
Presidenta da Comisión

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión